



Recomendación dirixida á Universidade de Santiago de Compostela para que, co fin de evitar a desprotección do alumnado que precisa unha axuda económica para estudos ou aloxamento no Servizo Universitario de Residencias, contemple as situacións de monoparentalidade no núcleo formado por un único proxenitor e os fillos ao seu cargo, cando se poida acreditar non convivir co outro proxenitor

Expediente: D.3.Q/4311/22

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2022

Sr. Reitor:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención xxxxx.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é nai dunha alumna da Universidade de Santiago de Compostela, solicitante de praza no Servizo Universitario de Residencias da universidade.

A persoa que promove esta queixa sinala que convive cos seus dous fillos, que non contraeu matrimonio e, por tanto, non dispón de ningunha sentenza de divorcio nin convenio regulador.

A súa declaración da renda acredita este feito, e tamén o certificado de convivencia. O outro proxenitor vive noutro país, circunstancia que non ten obriga algunha de acreditar. Segundo as bases, non ten que achegar documentación do outro proxenitor salvo que exista un convenio que acredite unha custodia compartida. Non hai custodia compartida, feito suficientemente acreditado xa que a alumna cursou os seus estudos ininterrompidamente na cidade de xxxxx e o seu pai reside fóra.

A súa declaración da renda acredita que o outro proxenitor non convive nin ten imposta pensión de alimentos de filiación non matrimonial. O servizo de residencias da Universidade de Santiago de Compostela requírelle que acredite denuncias e enviáronlle un correo electrónico onde lle piden que achegue un xustificante do IRPF do outro proxenitor porque

non presentou a declaración da renda e que senón sería excluída, ou ben un certificado dun traballador social onde acredite que o proxenitor non ten relación coa súa filla.

Poñía de manifesto que a Administración dispón dos seus datos e os dos seus fillos e que o proxenitor apareza no libro de familia só acredita que recoñeceu a filiación.

Expresa o seu temor de que ocorra o mesmo coa solicitude de bolsa de estudos; e o seu malestar polo feito de que o servizo solicitou o D.N.I. do outro proxenitor e, sen o consentimento expreso desta persoa nin pedirlle autorización, accederon aos seus datos fiscais, tal e como se desprende dunha mensaxe que ela recibiu.

No informe remitido pola Universidade de Santiago de Compostela e rexistrado nesta institución indícase que este asunto xa foi obxecto de tramitación perante a Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) desta Universidade unha queixa sobre o mesmo asunto, polo que trasládase a resposta a esta última remitida con data 27 de xullo de 2022 á persoa interesada:

Segundo a convocatoria de prazas de aloxamento no Servizo Universitario de Residencias ás persoas solicitantes do grupo I se lles asignará unha cota con axuda económica da USC en función da renda persoal dispoñible (RPD) da unidade familiar da persoa solicitante. Para o acceso tense en conta a renda do 2020, e para asignar as cotas, a renda do 2021. Ás persoas solicitantes do grupo II non se lles solicitan datos económicos, xa que a asignación é só por criterios académicos e non teñen axuda económica da USC, polo que para ese grupo non se pide documentación nin firmas dos membros computables da unidade familiar.

A alumna fixo unha solicitude de praza para o grupo I e o grupo II. A solicitante naceu en novembro de 2004, polo que na data do 31 de decembro de 2020 e 2021 é menor de idade. A obriga dos proxenitores de alimentar e educar aos seus fillos/as é independente da relación entre eles e o seu estado civil. Aínda que os proxenitores non estean casados, as bases sinalan que son membros computables os proxenitores, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor. Non se considera computable un proxenitor cando non convive e hai unha sentenza de divorcio, separación legal o de feito.

A Universidade de Santiago de Compostela considera que a interesada non esta interpretando correctamente o punto das bases da convocatoria ordinaria ao que faise referencia: Son responsables e forman parte da unidade familiar os dous proxenitores, pero no caso de divorcio ou separación legal (que non é a situación na que se atopa a reclamante) non se considera membro computable a aquel que non conviva. Sendo a solicitante menor de idade na data do 31 de decembro de 2020 e 2021, e non existindo convenio de medidas paterno-filiais que estableza que a custodia é da nai, o pai é membro computable da unidade familiar aínda que non convivan no mesmo domicilio.

En resumo, a documentación solicitada é para poder realizar os trámites da solicitude do grupo I que pode xerar o dereito a unha praza con axuda económica. Para cruzar os datos coa Axencia Tributaria, a Universidade de Santiago de Compostela precisa o permiso de cada individuo do que se solicita a información. Esa é a razón pola que debe asinar o pai, a menos que exista un convenio de medidas paterno-filiais, ou sentenza que estableza que a custodia da menor é da nai. O informe salienta que a convocatoria de prazas do SUR segue os criterios establecidos polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para as axudas ao estudantado, e que hoxe en día son moitas as parellas con fillos/as que non están casadas e non conviven no mesmo domicilio por distintas razóns (laborais, etc.).

Respecto do escrito da persoa reclamante, o informe indica que a declaración da renda dun dos proxenitores e o certificado de convivencia hoxe en día non son documentos xustificativos da custodia dos fillos/as e da súa responsabilidade de facerse cargo dos gastos da súa manutención ou educación. Cando se trata de dar unha axuda económica, como é o caso, e coa finalidade de evitar solicitudes fraudulentas, pídesse a información económica das persoas responsables do fillo/a.

ANÁLISE

Analizada a queixa e o contido do informe, debemos facer as seguintes consideracións. O problema suscitado radica en que as bases da convocatoria de prazas do SUR no grupo I, teñen unha configuración da unidade familiar baseada na convivencia dos seus membros a efectos do cálculo da renda. Esa convivencia presúmese a efectos de ingresos familiares, dada a pluralidade de situacións de feito que poden producirse e que afectan á convivencia dos membros da unidade familiar (motivos laborais, profesionais, de estudos, médicos...).

A normativa presume que existe unidade familiar aínda que os proxenitores realmente non convivan, excepto que exista unha acreditación documental da ruptura da parella (sentenza de separación ou divorcio, resolución xudicial ou convenio sobre medidas paterno-filiais en caso de parellas non casadas) na que se especifique a situación na que queda a custodia dos fillos menores de idade. Tal como indica o informe, a condición de proxenitor, malia que non exista matrimonio, non extingue os deberes da patria potestade entre os que está a obrigación de alimentos.

Como di o informe, nas bolsas do Ministerio de Educación faise a seguinte configuración dos tipos de unidade familiar e membros computables que recolle a convocatoria de becas:

“Los miembros de la unidad familiar son:

- *el padre y la madre;*

- *el tutor o la persona que legalmente tenga la guarda o custodia de un menor de edad;*
- *el estudiante que solicita la beca;*
- *los hermanos/as solteros menores de 25 años;*
- *los hermanos/as mayores de 25 años con discapacidad;*
- *los ascendientes de los padres (abuelos/as) que vivan con estos y puedan justificarlo con el certificado municipal.*

Los miembros de la unidad familiar tienen que vivir en el mismo domicilio a fecha 31 de diciembre de 2021.

Los miembros de una unidad familiar independiente son:

- *el estudiante que solicita la beca;*
- *el cónyuge o pareja de hecho (aunque no esté inscrita en el registro como pareja de hecho);*
- *hijos/as que vivan en el mismo domicilio.*

Los miembros que cuentan como unidad familiar en caso de divorcio o separación legal de los padres son:

- *Cuando la **custodia es compartida**, los miembros son:*
 - *el padre y la madre del estudiante que solicita la beca (en la aplicación hay que poner que están separados, aunque después se hayan casado con otra persona);*
 - *los hijos/as comunes;*
 - *los ascendientes del padre o la madre (abuelos) que vivan con estos y puedan justificarlo con el certificado municipal.*
- *Cuando la **custodia no es compartida**, los miembros son:*
 - *el padre o la madre que viva con el estudiante que solicita la beca;*
 - *el nuevo cónyuge o la nueva pareja del padre o la madre y que viva con el estudiante que solicita la beca;*
 - *los hijos/as de ambos que vivan en el mismo domicilio que el estudiante que solicita la beca (tanto hijos comunes como no comunes de la nueva pareja) menores de 25 años o mayores de 25 años con discapacidad.*
 - *los ascendientes del padre o la madre (abuelos) que vivan con estos y puedan justificarlo con el certificado municipal.*

La convocatoria considera también como miembros computables a aquellas personas que a 31 de diciembre de 2021 residan en el domicilio del estudiante que solicita la beca y que:

- *tengan ingresos propios,*
- *no sean parientes de los restantes miembros de la unidad familiar, y*
- *no se pueda justificar un alquiler de piso compartido.”*

Á vista do anterior, debe terse en conta que na concesión de bolsas, axudas ou subvencións, debe acreditarse documentalmente a situación alegada a efectos da configuración da unidade familiar, tamén nos casos de rupturas de parellas de feito. A normativa contempla unidades familiares nas que o pai e a nai conviven; unidades familiares independentes formadas polo propio estudante, cónxuxe ou parella de feito e fillos conviventes; e os casos de divorcio ou separación legal, con ou sen custodia compartida, establecendo para cada unha destas situacións distintos documentos acreditativos.

Porén, non se fai referencia as familias monoparentais nas que o outro proxenitor non convive, non existe vínculo matrimonial, non hai -xa que logo- sentenza de divorcio ou separación legal nin convenio regulador das medidas paterno-filiais nos casos de ruptura dunha parella de feito.

O problema que se suscita neste caso provén, precisamente, da imposibilidade de acreditar un feito negativo (que o proxenitor non convive, non ten a custodia nin paga pensión alimenticia aos seus fillos) cando existe unha presunción legal en contrario que só pode desvirtuarse mediante unha proba documental.

Neste sentido, a normativa aplicable prevé a copia da sentenza ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais dos fillos e fillas en común, acompañada no seu caso, do correspondente convenio regulador; declaración xurada ou responsable de non manter unha relación de convivencia análoga á conxugal; certificado negativo de inscrición no Rexistro Autonómico de Parellas de Feito de Galicia.

Polo tanto, debe acreditarse documentalmente que non hai custodia compartida para poder computar exclusivamente os ingresos do proxenitor que conviva co estudante que solicita a beca.

Sen embargo, esta configuración das bases deixa sen cobertura aos estudantes no caso de que conformen unidade familiar só con un proxenitor, sen vínculo matrimonial preexistente, e non exista forma de probar feitos negativos tales como que non se prestan alimentos ou que non se comparte a custodia.

A pensión de alimentos, que é certamente unha obriga legal, non se pode presumir, e non cabe impoñer ás parellas de feito a obriga de iniciar procedementos xudiciais de medidas paterno-filiais ou celebrar convenios reguladores. Para acreditar o núcleo familiar formado por un só proxenitor e os fillos ao seu cargo debería bastar o certificado de convivencia e unha declaración responsable do proxenitor (ou do propio alumno, se é maior de idade) na que se comunique que a renda familiar provén dos ingresos dun único proxenitor que ten ao seu cargo aos fillos. Na sinatura desta declaración asumírase a veracidade do declarado, coas consecuencia legais oportunas no caso de demostrarse a súa falsidade.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Universidade de Santiago de Compostela a seguinte recomendación:

Para evitar a desprotección do alumnado que precisa unha axuda económica para estudos ou aloxamento no Servizo Universitario de Residencias, sería necesario contemplar as situacións de monoparentalidade no núcleo formado por un único proxenitor e os fillos ao seu cargo, cando se poida acreditar non convivir con outra persoa coa que se manteña unha relación análoga á conxugal.

A tal efecto, cando non existiu vínculo matrimonial nin existe resolución xudicial ou convenio de medidas paterno-filiais, non se considerará membro computable da unidade familiar ao proxenitor que non conviva e sería suficiente aportar o certificado de convivencia e unha declaración responsable de que os únicos ingresos da unidade familiar son os do proxenitor que figura con fillos ao seu cargo.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución. O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu

resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo